



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ANUNCIO CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN

APROBACIÓN CONVOCATORIA E CRITERIOS DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL EN PRÁCTICAS DE 4 PERSOAS DENTRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA "O TEU PRIMEIRO EMPREGO"

Mediante Resolución da Concellería delegada de persoal de data 22/08/2019 se aprobou a convocatoria e criterios de selección que se indica a continuación,

(...)

Aprobar a convocatoria e os seguintes criterios para a contratación laboral en prácticas de 4 persoas dentro o **"PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA "O TEU PRIMEIRO EMPREGO"**", para o Concello de Tui, nas ocupacións seguintes, e co seguinte articulado:

- 1.- Guía de turismo (código nacional de ocupación 58 251.029).
- 2.- Xornalista (código nacional de ocupación 29.221.044).
- 3.- Técnico en audiovisuais (código nacional de ocupación 3.831.103)
- 4.- Enxeñeiro técnico forestal (código nacional de ocupación 24.251.011)

1.- ANTECEDENTES

O Concello de Tui solicitou o abeiro das bases do programa de fomento a empregabilidade na Provincia de Pontevedra "O Teu primeiro emprego", aprobadas pola Deputación Provincial de Pontevedra, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm. 92, do 15 de maio de 2019, a participación no programa de empregabilidade provincial.

Con data 26 de xullo de 2019, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, aprobou a selección do concello de Tui, como entidade colaboradora para participar no programa para as titulacións que a continuación se indican:

Nº de contratos	Titulación	Duración	Contía da subvención
1	Ciclo superior en guía, información e asistencias turísticas/información e comercialización turísticas	6 meses prorrogables	5.700,00€
1	Licenciatura/grao en xornalismo	6 meses prorrogables	6.000,00€
1	Ciclo superior en produción audiovisuais e espectáculos/producción de audiovisuais, radio e espectáculos	6 meses prorrogables	5.700,00€
1	Enxeñería técnica forestal/ grao en enxeñería forestal e do medio natural / grao en enxeñería forestal /enxeñería de montes	6 meses prorrogables	6.000,00€

De conformidade anexo V bases do programa de fomento a empregabilidade na Provincia de Pontevedra "O Teu primeiro emprego", se observarán os seguintes requisitos:





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

1. Na selección das persoas beneficiarias dos contratos en prácticas aplicaranse criterios de valoración obxectivos, segundo o expediente académico, os estudos cursados, a formación relacionada co posto de traballo a desempeñar, o nivel de coñecementos etc.
2. Os concellos, como entidades colaboradoras, serán os encargados de levar a cabo a selección mediante a presentación da correspondente oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego do domicilio da entidade beneficiaria. Presentarase por titulacións tendo en conta os seguintes principios xerais:
 - c) A oferta non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios establecidos nestas bases.
 - d) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de selección a experiencia laboral na titulación requirida
3. A selección efectuarase entre demandantes de emprego desempregados ou co cartón de mellora de emprego, inscritos no Servizo Público de Emprego e que cumpran os requisitos esixidos para a formalización dun contrato en prácticas. O ámbito de busca de emprego de cada concello non poderá superar o nivel provincial.
4. Presentada a oferta de emprego, o Servizo Público de Emprego levará a cabo unha preselección das persoas candidatas segundo as titulacións dos postos de traballo a desempeñar e a razón dun máximo de 5 por posto, que remitirá ao Concello para proceder á selección das persoas beneficiarias destas contratacións en prácticas.
5. Na páxina web da Deputación publicaranse as titulacións dos postos de traballo solicitados polas entidades colaboradoras e os criterios de valoración deste proceso selectivo.
6. Se ao tramitar a oferta non se atopan persoas candidatas idóneas a entidade beneficiaria poderá acudir a outros procedementos de selección, de conformidade coa normativa vixente na materia, sempre que se garantan a idoneidade e o cumprimento dos requisitos esixidos para esta contratación, sen que sexa necesario neste caso a inscrición das persoas que se van contratar como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
7. Para levar a cabo a selección o concello nomeará un tribunal cualificador, cuxa composición deberá adecuarse aos principios que regulan a constitución e funcionamento dos órganos de selección.
8. A selección deberá realizarse tendo en conta a data límite establecida na resolución na que se concede a subvención.

2.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é proceder á selección de **4 persoas para os códigos de ocupación seguintes:**

- 1.- Guía de turismo (código nacional de ocupación 58.251.029).
- 1.- Xornalista (código nacional de ocupación 29.221.044).
- 1.- Técnico en audiovisuais (código nacional de ocupación 3.831.103)
- 1.- Enxeñeiro técnico forestal (código nacional de ocupación 24.251.011)

A contratación levarase a cabo na modalidade de contrato en prácticas a tempo completo, sendo as tarefas as previstas na memoria explicativa "O teu primeiro emprego" de data 28/05/2019 que recolle as seguintes tarefas:

Área de turismo:





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

- incorporación a oficina municipal de turismo
- apoio a concellaría de turismo
- apoio na posta en valor recursos turísticos
- promoción en medios de comunicación(prensa,radio, TV...), redes sociais, correo electrónico, internet...
- colaboración co sector privado
- impulso os eventos organizados no municipio
- xestión de visitas
- colaboración departamento Cultura promoción eventos
- colaboración con entidades supra municipais en materia de turismo
- as demais propias inherentes a súa condición...

Área de medios de comunicación:

- incorporación sección prensa municipal
- colaboración en medios de comunicación(prensa,radio, TV...), redes sociais, correo electrónico, internet...
- colaboración na presenza do Concello en redes sociais
- mantemento noticias paxina web municipal
- confección notas de prensa
- impulso eventos organizados no municipio
- colaboración outros departamentos en eventos
- colaboración outros organismos supra municipais
- as demais propias inherentes a súa condición ...

Área de cultura:

- incorporación o departamento de cultura
- dinamización e avaliación de proxectos de intervención comunitaria.
- organización de proxectos de animación cultural, de ocio e tempo libre
- de animación e de dinamización de grupos e y colectivos.
- programar e dinamizar as actividades asignadas, guiándoas cando sexa oportuno.
- as demais propias inherentes a súa condición...

Área xestión de biomasa:

- colaboración técnica na redacción "Plan municipal en materia de prevención e defensa de incendios forestais. "
- tarefa documental da normativa legal aplicable o plan (Lei 3/2007, 9 abril de prevención e defensa de incendios forestais de Galicia ...)
- estudo do territorio onde se vai implantar o referido plan.
- colaboración na realización de informes medioambientais.
- as demais propias inherentes a súa condición...

A duración do contrato en prácticas será de 6 meses con posibilidade de prorroga por 6 meses mais, condicionado a existencia de crédito suficiente, tanto pola parte financiada con cargo a subvención da Deputación provincial coma a parte financiada con cargo a este Concello.





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

A xornada semanal é de 37,5 horas semanais.

As retribucións brutas serán:

- Guía de turismo (código nacional de ocupación 58 251.029):

RETRIBUCION MENSUAL	
BASICAS	459,64 €
C. DESTINO	223,39 €
C.ESPEC	215,00 €
C. SMI	10,90 €
Total retribución mensual	908,93 €
EXTRA	
BASICAS	397,26 €
C. DESTINO	223,39 €
C.ESPEC	215,00 €
C. SMI	10,90 €
Total extra	846,55 €
Salario + pp extra	1.050,02 €

- Técnico en audiovisuais (código nacional de ocupación 3.831.103):

RETRIBUCION MENSUAL	
BASICAS	459,64 €
C. DESTINO	223,39 €
C.ESPEC	215,00 €
C. SMI	10,90 €
Total retribución mensual	908,93 €
EXTRA	
BASICAS	397,26 €
C. DESTINO	223,39 €
C.ESPEC	215,00 €
C. SMI	10,90 €
Total extra	846,55 €
Salario + pp extra	1.050,02 €

- Xornalista (código nacional de ocupación 29.221.044):

RETRIBUCIÓN MENSUAL	
BASICAS	707,98 €
C. DESTINO	325,47 €
C.ESPEC	215,00 €
Total retribución mensual	1.248,45 €
EXTRA	
BASICAS	436,88 €





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

C. DESTINO	325,47 €
C.ESPEC	215,00 €
Total extra	977,35 €
Salario + pp extra	1.411,34 €

- Enxeñeiro técnico forestal (código nacional de ocupación 24.251.011):

RETRIBUCIÓN MENSUAL	
BASICAS	612,17 €
C. DESTINO	280,70 €
C.ESPEC	322,18 €
Total retribución mensual	1.215,05 €
EXTRA	
BASICAS	446,47 €
C. DESTINO	280,70 €
C.ESPEC	322,18 €
Total extra	1.049,35 €
Salario + pp extra	1.389,94 €

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Nas instancias polas que se solicite presentarse ó proceso selectivo do posto de traballo, farase constar que se cumpren, con referencia á data na que expira o prazo de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:

1- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2- Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

3- Ser maior de dezaseis anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

4- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, Órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas de conformidade co previsto no artigo 56.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

5- Cumprir os requisitos e criterios para a selección establecidos nas "Bases do programa de fomento da empregabilidade na Provincia de Pontevedra "O teu primeiro emprego" (BOP núm. 92, do 15 maio de 2019) e no Acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra con data 26 xullo de 2019 pola que se concede ao Concello de Tui a devandita subvención.

6- Os traballadores que sexan seleccionados deberán ser, en todo caso, persoas desempregadas, ou co cartón de mellora de emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, e reunir as





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

premisas para ser contratados en practicas artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores

7- Posuír a titulación esixida:

- 1.- Guía de turismo (código nacional de ocupación 58 251.029): Ciclo superior en guía, información e asistencia turística.
- 2.- Xornalista (código nacional de ocupación 29.221.044): Licenciatura / grao en xornalismo
- 3.- Técnico en audiovisuais (código nacional de ocupación 3.831.103): Ciclo superior produción audiovisual e espectáculos
- 4.- Enxeñeiro técnico forestal (código nacional de ocupación 24.251.011): Enxeñeiro técnico forestal /Grao en enxeñería forestal e do medio ambiente

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Solo se lle comunicará esta convocatoria a aqueles interesados que veñan relacionados na sondaxe de demandantes remitidos pola oficina do Servizo Público de Emprego, en cumprimento do disposto nas bases reguladoras destas axudas, debendo presentarse os interesados no Concello de Tui, nas datas fixadas na comunicación remitida pola antedita oficina, para recoller as bases da convocatoria e formalizar a súa solicitude de participación no proceso de selección, os candidatos terán de **prazo 3 días hábiles**, dende a data de recepción das presentes bases. Non serán admitidas ao proceso de selección as solicitudes presentadas con posterioridade a esta data.

As solicitudes para participar no proceso de selección presentaranse, durante o prazo establecido, exclusivamente no rexistro xeral do Concello de Tui, durante o prazo establecido.

A presentación de solicitudes de participación, débese facer no modelo facilitado polo Concello (anexo I), polo que se solicita presentarse ao proceso selectivo do posto de traballo, facendo constar que se reúnen, con referencia á data na que expire o prazo de presentación de solicitudes.

Xunto á instancia achegaranse a seguinte **DOCUMENTACION:**

- Copia do DNI.
- Declaración xurada (anexo II) manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria á finalización do prazo de presentación de solicitudes, non atoparse incurso en causa de inhabilitación para o exercicio de funcións públicas, nin ter sido separado mediante expediente disciplinario de calquera administración pública.
- Copia da titulación esixida.
- Copia dos méritos alegados

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde, no prazo máximo de 1 mes, mediante resolución aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos. A dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, así como na páxina web do mesmo (www.tui.gal), relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión. Nesta resolución incluírase a composición do Tribunal, o lugar, a data e a hora de realización da valoración de méritos.





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **un día hábil** para reclamacións e correccións das deficiencias sinaladas. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará na mesma forma. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse, potestativamente *recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contenciosa - administrativa*, contados a partir do día seguinte ó da publicación da listaxe definitiva no taboleiro de anuncios do Concello de Tui.

5.- TRIBUNAL

Rematado o prazo de presentación de instancias o Tribunal formado como indica o artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, procederá a efectuar a selección conforme se describe no punto 4 destas bases.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 23 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando se dean calquera das citadas circunstancias.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, debendo estar presente en todo caso, o presidente e o secretario ou quen legalmente os substitúa.

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepción de asistencias se clasificarán conforme o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razón de servizo.

O Tribunal na súa actuación axustarase ao establecido nas presentes bases; no que non estea disposto, seralle de aplicación á normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei 39/2015 do 14 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, coma no resto da normativa de aplicación.

6.- PROCESO DE SELECCIÓN. O proceso de selección será o de concurso de méritos, segundo o indicado no punto 3 do anexo V das bases do programa de fomento da empregabilidade na Provincia de Pontevedra "O teu primeiro emprego" (BOPPO 92, de 15/05/2019); e o abeiro dos seguintes apartados:

a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo R. d. 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo R. d. 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non estea calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorarase con 0,00 puntos

b) Por ter un doutoramento relacionado co contido da bolsa, 2,00 puntos





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

- c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido da bolsa, 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto
- d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato en prácticas, 0,50 puntos por título ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento)
- e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:
- a) De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso.
 - b) De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.
 - c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso.
 - d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.
 - e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada así como cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

Enlace á web do Ministerio onde se publica o catálogo de titulacións homologadas ao nivel de máster:
<http://www.culturaydeporte.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/202058.html>)

Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente xunto coa presentación da instancia.

As puntuacións outorgadas publicaranse na páxina web do concello (www.tui.gal) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello (<http://concellotui.sedelectronica.gal>).



Cod. Validación: AC59A3GDDNMXTRSL2RH5XJ249R | Corrección: <http://concellotui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 13



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

7.- CUALIFICACIÓN FINAL

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das puntuacións obtidas polos aspirantes nos distintos apartados. Rematada a selección, o Tribunal indicará as puntuacións outorgadas, xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente para cada unha das titulacións ofertadas, indicando as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes, e que se publicará mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui .

As persoas relacionadas na listaxe anterior, disporán de tres días hábiles para presentar alegacións ás valoracións da listaxe provisional. Esta listaxe, será definitiva, de non presentarse alegacións á mesma no prazo indicado.

Estas alegacións serán aceptadas ou rexeitadas polo Tribunal, na listaxe definitiva que se publicará na mesma forma indicada, na que o Tribunal formulará unha proposta á Alcaldía coas catro persoas aspirantes que obtivesen as maiores puntuacións no proceso de selección, e que se publicará mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui, e na súa páxina web, www.tui.gal

En caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza una infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade. En caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

Logo da proposta definitiva do Tribunal, o alcalde ditará Resolución para a contratación das persoas propostas polo Tribunal, que será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui e na súa páxina web, www.tui.gal. Contra a Resolución definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, dende a súa publicación, ou directamente, recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, antes a xurisdición contencioso administrativa, dende o día seguinte á publicación do mesmo.

8.- CONTRATACIÓN DOS SELECCIONADOS:

No prazo de tres días contados a partir do seguinte ó da publicación da relación de aspirantes propostos no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, os aspirantes propostos para ocupar as devanditas prazas deberán presentar a documentación acreditativa dos requisitos sinalados na base 3, así como aquela que sexa requirida para formalizar a súa contratación e así poder acceder ó posto de traballo, ademais de realizar o preceptivo curso de prevención de riscos laborais, perdendo os seus dereitos se así non o fixera.

A totalidade dos aspirantes aprobados e puntuación acadada, poderá ser utilizada como listaxe de reserva, para cubrir os postos en situacións de renuncia voluntaria.





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

No caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización o Concello poderá formalizar un novo contrato sempre e cando exista crédito necesario para a substitución. Neste caso se procedería a requirir o aspirante que seguise en puntuación, e así sucesivamente.

Nestes casos, o novo aspirante á contratación, terá que aportar a documentación no prazo de **tres días hábiles** a partir da notificación da súa proposta, e os requisitos esixidos entenderase con referencia a data en que remata o prazo de presentación da documentación.

En todo o que non estea previsto nestas bases, relativo ós contratos, rexeranse polo disposto na lexislación reguladora da modalidade contractual de contrato en prácticas, así como pola resolución da concesión da subvención.

8.- INTERPRETACIÓN DAS BASES.

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

9.- RECURSOS

As persoas interesadas poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Segundo: Publicar anuncio dos criterios no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello de Tui, e de forma complementaria na web municipal.

Terceiro: Dar traslado da presente resolución a unidade de persoal e o Pleno na primeira sesión que se celebre.

Cuarto: Recursos procedentes:

Contra a presente Resolución que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante esta Concellería delegada, e no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, consonte ó disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo de un mes segundo establece o artigo 123. da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.1 da lei 39/2015, podendo os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

desestimado o recurso de reposición interposto consonte o establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a dereito.

O concelleiro delegado de persoal. Jose Ramón Magán Rivera.



Cod. Validación: AC59A3GDNMXTRSL2RH5XJ249R | Corrección: <http://concello.tui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 13



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

INSTANCIA (ANEXO I)

Don/a _____,
con DNI núm. _____, teléfono _____ e-mail _____ con
domicilio en _____, localidade _____, código postal _____,

EXPÓN:

Que entregadas as bases do proceso selectivo para a contratación de 4 persoas dentro do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra "O Teu primeiro emprego".

FAGO CONSTAR que cumpro os requirimentos dos aspirantes esixidos nas bases da convocatoria.

SOLICITO:

Tomar parte no proceso de selección para a contratación en prácticas de:

- Guía de turismo (código nacional de ocupación 58.251.029).
- Xornalista (código nacional de ocupación 29.221.044).
- Técnico en audiovisuais (código nacional de ocupación 3.831.103)
- Enxeñeiro técnico forestal (código nacional de ocupación 24.251.011)

EXPE 1825/2019 para o Concello de Tui, polo que achego a seguinte documentación (marcar cun "X"):

- Copia do DNI
- Copia da titulación esixida no punto 7 base 3.
- Declaración xurada (anexo II).
- Copia dos méritos alegados:

1.- _____	2.- _____
3.- _____	4.- _____
5.- _____	6.- _____
7.- _____	8.- _____

En _____, a _____ de _____ de 2019

Sinatura da persoa interesada

Ó ALCALDE DO CONCELLO DE TUI

Información básica sobre protección de datos

RESPONSABLE	Concello de Tui
FINALIDADE	Xestión e contratación de persoal laboral e funcionario do Concello
LEXITIMIDADE	Execución dun contrato e obriga legal en materia laboral
DESTINATARIOS	Os seus datos poderán ser transferidos de conformidade coas disposicións da normativa sobre asuntos laborais.
DEREITOS	Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade e limitación, que podrá exercer ante el Responsable: registro@tui.gal .
INFORMACIÓN ADICIONAL	Dispón da información adicional e detallada sobre protección de datos na nosa páxina web www.tui.gal na sección de política de privacidade





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

Anexo II

Don/a _____,
con DNI núm. _____ con domicilio en _____

código postal _____ teléfono _____

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INHABILITADO

Que non teño sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin me atopo inhabilitado por resolución xudicial para o exercicio de función públicas, de conformidade co disposto no artigo 56.1 da Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Que non estou incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente

DECLARACIÓN CUMPRIMENTO REQUISITOS

Que posúo os requisitos e criterios de selección sinalados nas "Bases do programa de fomento da empregabilidade na Provincia de Pontevedra "O teu primeiro emprego" (BOP núm. 92, do 15 maio de 2019).

Tui, _____ de _____ de 2019.

Sinatura

